

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 12.12.2019 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 12 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 39315 (10/PNC-003157)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a cobertura polo Goberno galego dos permisos e vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018
- 1.2 57139 (10/PNC-004535)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para o cumprimento do Acordo parlamentario do 28 de maio de 2019 referido á regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e da disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.3 57236 (10/PNC-004547)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras de construción do novo centro de saúde da Rúa e a cesión polo Concello dos terreos necesarios para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 1.4 57715 (10/PNC-004598)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as saturacións dos profesionais e as demoras na atención que se está a prestar no centro de saúde e PAC do concello da Laracha
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 1.5 58500 (10/PNC-004666)
Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención da esclerose múltiple e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019

1.6 59181 (10/PNC-004712)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego da negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das matronas de atención primaria, así como respecto da dotación das súas consultas co material actualizado necesario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

1.7 59236 (10/PNC-004724)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos seus programas de inclusión social dos colectivos máis vulnerables
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 39315(10/PNC-003157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a cobertura polo Goberno galego dos permisos e vacacións do persoal facultativo do Centro de Saúde de Catoira

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39315
Data envío: 23/10/2018 19:20:53.509

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está nunha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel: masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

O Centro de saúde de Catoira responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39315
Data envío: 23/10/2018 19:20:53.509

O cadro de persoal do Centro de Saúde de Catoira está formado por dous facultativos e un pediatra que pasa consulta en días alternos. Desde principios de setembro é un só facultativo o que atende a demanda de asistencia sanitaria, xa que o outro facultativo nun pode acudir ao centro, primeiro por vacacións e logo por incapacidade laboral temporal.

A situación de prexuízo para @s veciñ@s de Catoira é máis que evidente, habendo días con máis de setenta persoas para un só facultativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que proceda a substituír ao facultativo do Centro de Saúde de Catoira, tanto nas súas licenzas como vacacións para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estábel.”

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 39315
Data envío: 23/10/2018 19:20:53.509

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/10/2018 19:16:33

Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2018 19:16:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/10/2018 19:16:40

Olalla Rodil Fernández na data 23/10/2018 19:16:42

Noa Presas Bergantiños na data 23/10/2018 19:16:43

Xosé Luis Bará Torres na data 23/10/2018 19:16:45

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 57139(10/PNC-004535)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para o cumprimento do Acordo parlamentario do 28 de maio de 2019 referido á regulación das funcións dos técnicos de enfermaría e da disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:38:51
Nº Rexistro: 57139
Data envío: 08/10/2019 13:38:51.349

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

A Organización Mundial da Saúde leva xa advertindo dende o ano 2000 da necesidade de avanzar nunha axeitada distribución das tarefas entre as e os profesionais sanitarios, unha cuestión que non tivo unha aplicación global en España e que actualmente produce un déficit en relación ao recoñecemento e formación de determinadas titulacións como pode ser a das Técnicas e Técnicos en Coidados de Enfermería.

Respecto a este título, no ano 2005 o Instituto Nacional de Cualificaciones, emitiu un informe no que consideraba que debía aumentar un nivel de cualificación, pasando do nivel 2 ao nivel 3, ao considerar que dita formación profesional require da competencia dun conxunto de actividades profesionais que precisan dun dominio de diversas técnicas.

Con todo, a evolución desta titulación atópase estancada tomando de referencia para a súa función unha norma do ano 73 que non foi adaptada á realidade actual e que está a quedar totalmente obsoleta.

Ademais, o Estatuto Básico do Empregado Público na súa disposición transitoria 3º, que despois de máis de dez anos en vigor, perde completamente todo o seu carácter de transitoria sendo prorrogada *sine die*, provoca un bloqueo no recoñecemento da categoría e polo tanto da aplicación do artigo 76 do propio Estatuto, enmarcando a titulación nunha categoría inferior para a que se precisa

CSM-REXISTRO00cYe0z0e7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:38:51
Nº Rexistro: 57139
Data envío: 08/10/2019 13:38:51.349

unicamente o graduado escolar ou a Educación Secundaria Obrigatoria.

En maio de 2019 aprobouse no Parlamento de Galicia o seguinte acordo en relación a este tema: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central que solicite ao Consello Interterritorial de Saúde estudar a regulación das funcións dos e das profesionais afectados polo artigo 76 do EBEP para adaptar a normativa existente respecto ao marco normativo de titulacións vixente na actualidade, dentro do principio de lealdade institucional, coa garantía do seu financiamento.»

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar as xestións necesarias para dar cumprimento ao acordo acadado o 28 de maio de 2019 no Parlamento de Galicia, no que se recollía o seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central que solicite ao Consello Interterritorial de Saúde estudar a regulación das funcións dos e das profesionais afectados polo artigo 76 do EBEP para adaptar a normativa existente respecto ao marco normativo de titulacións vixente na actualidade, dentro do principio de lealdade institucional, coa garantía do seu financiamento.»

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 13:38:51
Nº Rexistro: 57139
Data envío: 08/10/2019 13:38:51.349

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/10/2019 13:19:43

José Manuel Lago Peñas na data 08/10/2019 13:19:57

CSV REXISTRO0c7Eckz6e7
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 57236(10/PNC-004547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras de construción do novo centro de saúde da Rúa e a cesión polo Concello dos terreos necesarios para ese fin

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:51:46
Nº Rexistro: 57236
Data envío: 09/10/2019 11:51:46.062

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A construción dos novos centros de saúde comprometidos polo Sr. Feijoo dende a súa chegada ao Goberno galego no ano 2009, é un dos mellores exemplos do fracaso, das mentiras, das trampas, da ocultación, e da privatización indiscriminada que caracteriza a xestión sanitaria levada a cabo baixo o seu mandato.

Pola contra, dende o Grupo Socialista sempre consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización, e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais.

Dende que chegou o PP de Feijoo ao Goberno, foi mudando os compromisos ano tras ano, mesmo modificando os nomes dos concellos onde se ían construír os centros nun baile de nomes intolerable, sobre todo para aqueles concellos nos que fixeron o esforzo de poñer a dispor os terreos para cederllos á Xunta de Galicia co propósito de que esta cumprira co compromiso de construír estas novas infraestruturas. Un dos moitos exemplos deste desleixo dos gobernos do PP é o centro de saúde de A Rúa. Nesta vila ourensá, cunha poboación aproximada de 5.000 habitantes e unhas 4.000 cartillas sanitarias, onde se atenden ademais, a pediatría dos concellos de Larouco, Petín, Vilamartín, O Bolo e Viana, urxencias os sábados pola mañá de adultos e nenos e nenas de catro concellos, conta cunha infraestrutura sanitaria antiga e insuficiente xa que carece dos espazos axeitados para a atención sanitaria que se debe prestar.

Tendo en conta esta situación, o anterior Goberno municipal propúxolle á Consellería de Sanidade establecer o centro de saúde no actual centro de día, hoxe infrautilizado, pero a Xunta de Galicia rexeitou esta situación alegando informes técnicos negativos. No ano 2018, o Concello de A Rúa propuxo unha nova situación, sen obter ningunha resposta do Goberno autonómico.

CSM - REXISTRO GZBZ/dnaP94
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 11:51:46
Nº Rexistro: 57236
Data envío: 09/10/2019 11:51:46.062

A veciñanza de A Rúa concéntranse dende primeiros de ano, todos os luns ás 12 durante 5 minutos na porta deste centro de saúde, e presentou máis de 1.500 sinaturas, para reclamar unha atención primaria digna, e a construción dun novo centro de saúde para esta vila do oriente ourensá.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Fixe de forma inmediata un calendario para o inicio, execución e remate das obras do novo centro de saúde de A Rúa, e asigne as partidas orzamentarias correspondentes para poder ser levados a cabo.
2. Poña en marcha de maneira inmediata os mecanismos precisos para que o goberno municipal de A Rúa se comprometa á axilización, e formalización, de toda a tramitación urbanística precisa para a posta a disposición e cesión definitiva de terreos á Xunta de Galicia antes de que remate a X lexislatura.

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/10/2019 11:44:48

Julio Torrado Quintela na data 09/10/2019 11:44:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/10/2019 11:45:06



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 57715(10/PNC-004598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as saturacións dos profesionais e as demoras na atención que se está a prestar no centro de saúde e PAC do concello da Laracha

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 17:19:51
Nº Rexistro: 57715
Data envío: 16/10/2019 17:19:51.253

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela**, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

O Concello de A Laracha é un exemplo da situación difícil que está vivindo a atención primaria, fundamentalmente por unha política de recortes e de decisións cortoplacistas fomentada polos gobernos de Núñez Feijoo durante os últimos 10 anos. Unha deficiente política de Recursos Humanos levou ao sistema público, e en particular á Atención Primaria, a atoparse ante un escenario de difícil cobertura, ante o que a reacción do Goberno da Xunta de Galicia é moi limitada, non cubrindo prazas de profesionais e saltándose o cumprimento de baremos e estándares sobre cadros de persoal e cupos.

Neste concello tanto o centro de saúde como o consultorio en Caión veñen pasando durante os últimos meses por moitos problemas de cobertura dos profesionais, que cando se atopan nalgún caso de vacacións ou baixas non son cubertos e, por tanto, perde calidade a capacidade asistencial sobre a poboación. O Centro de Saúde de A Laracha, que conta con 6 consultas de facultativo de Atención Primaria, pasa en numerosas ocasións por días en que non todas as consultas están dispoñibles porque non se cobren estas baixas, o que supón que o volume de pacientes distribúese entre os facultativos que si están no centro, engadíndose aos cupos xa propios de cada un dos/as profesionais. Este incremento provoca a saturación e as demoras na atención, e xera tamén retrasos na concesión das citas, dándose a circunstancia de que comeza a ser normal a acumulación de esperas necesarias para Atención Primaria, cuestión que non era habitual.

CSM-REXISTRO00HP93FD0S1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 17:19:51
Nº Rexistro: 57715
Data envío: 16/10/2019 17:19:51.253

De maneira engadida, o propio PAC está sufrindo a mesma situación ao quedar moitas ocasións con menor número de equipos dos que marcan como necesarios os baremos que a propia Xunta de Galicia utiliza para os seus criterios. Esta dificultade engade complicacións para unha atención de calidade, repercutindo tanto sobre o servizo que reciben os cidadáns como sobre a capacidade de traballo dos profesionais, que se atopan saturados e superados pola situación ao non poder dar resposta a todas as demandas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a mellor calidade asistencial aos veciños e veciñas do Concello de A Laracha, comprometéndose a cubrir as necesidades de persoal do centro de saúde e do PAC para evitar as saturacións de profesionais e as demoras na atención.

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 17:18:34

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/10/2019 17:18:43

Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 17:18:51



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2019 17:19:51
Nº Rexistro: 57715
Data envío: 16/10/2019 17:19:51.253

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/10/2019 17:18:59

CSV, REGISTRO: P93FD81
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 58500(10/PNC-004666)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención da esclerose múltiple e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Esclerose Múltiple é a enfermidade das mil caras polos condicionantes diversos que lle supoñen a cada persoa que a padece. É unha enfermidade que padecen unhas 4000 persoas en Galicia, e máis de 55000 en todo o Estado. Afecta maioritariamente a mulleres, nun 75%, estando o Estado español na zona de risco medio alto.

A Esclerose Múltiple é a enfermidade autoinmune neurodexenerativa e desmielienizante máis frecuente entre pacientes de entre 20 e 40 anos. Non é contaxiosa nin se herda e cun bo tratamento pódese impedir que a enfermidade progrese. Hai dúas variantes: 1) a EM remitente-recorrente, coa aparición de brotes nun determinado período de tempo que melloran parcial ou totalmente, aínda que nalgúns ocasións deixan secuelas neurolóxicas; esta é a variante máis ampla e que afecta ao 80% da poboación, 2) a EM primaria-progresiva, que afecta entre o 10% -15% da poboación, cursa con inicio lento e empeoramento progresivo da enfermidade, necesitado o 50% das persoas afectadas por esta variante axuda para andar aos 8 anos de iniciada a enfermidade, tendo un grao de discapacidade maior.

Descoñécese que é o que causa a enfermidade e non hai cura, aínda que os tratamentos máis avanzados como o Ocrelizumab, recentemente introducido no mercado farmacéutico, supoñen unha mellora e un avance na calidade de vida das persoas. Outros, como o Natalizumab ou o Alemtuzumab son igualmente





eficaces noutros estadios da enfermidade dependendo das circunstancias de cada persoa e da valoración das profesionais médicas.

Galicia ten a prevalencia máis elevada de EM do conxunto do Estado –sobre todo, a provincia de Ourense– cunha media, ao día, entre 5 e 10 novos diagnósticos, sendo o centro de referencia o CHUS.

A Consellería de Sanidade leva un ano traballando o Plan de Atención Integral a Pacientes de Esclerose Múltiple, documento que as profesionais galegas instaron a ter rematado antes de final de ano 2019.

Entre as conclusións da III Xornada de Abordaxe Multidisciplinar da EM atópase esta necesidade de rematar o documento este ano e homoxeneizar a asistencia e o acceso aos recursos, con independencia de onde vivan as persoas que padecen EM.

O plan persegue unha mellora na asistencia para as persoas afectadas, que inclúa poder acceder ao tratamento na súa área sanitaria, facilitar o acceso a controis clínicos ou que teñan acceso a medidas sociais en todo o país, tendo para elo uns criterios claros, ademais do acceso á rehabilitación e redución das listas de espera.

É necesario que as persoas afectadas pola EM teñan un plan de atención integral, que comprenda a uniformidade do acceso ao mellor tratamento para o seu caso, ademais da rehabilitación que sexa necesaria.

Outra das reivindicacións das persoas afectadas é o recoñecemento da porcentaxe do 33% de discapacidade ao diagnosticarse a enfermidade, polas limitacións que impón na vida.





Por outra banda, o tratamento médico ten que ir acompañado do tratamento farmacolóxico necesario, tamén na propia área sanitaria, e unha rehabilitación que redunde na mellora da calidade de vida das persoas con EM, redundando á súa vez en menores IT e maiores posibilidades de conciliación da EM co traballo e coa vida persoal e familiar.

O máis importante na esclerose é a empatía da xente de arredor, sendo que os síntomas non se ven, aínda que están aí e que as persoas afectadas precisan de apoio, amor e moita comprensión tanto das profesionais como das institucións, empresas e entorno familiar.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Aprobar o Plan de Atención Integral ás persoas con Esclerose Múltiple antes de que remate 2019 e homoxeneizar o acceso aos tratamento canto antes.
2. Recoñecer o dereito de asistencia de cada persoa afectada por EM a ser atendida na súa área sanitaria sen ter que desprazarse ata o centro de referencia, o CHUS.
3. Recoñecer o dereito á rehabilitación e implantala para todas as persoas doentes de EM como unha continuación do tratamento sanitario e farmacolóxico da enfermidade.
4. Reducir a lista de espera no acceso ao tratamento e rehabilitación das persoas con EM.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2019 13:46:36
Nº Rexistro: 58500
Data envío: 06/11/2019 13:46:36.474

5. Dirixirse ao Goberno do Estado para o recoñecemento do 33% do grao de discapacidade de xeito automático ás persoas con diagnóstico de EM que o soliciten.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 06/11/2019 13:45:36

Luis Villares Naveira na data 06/11/2019 13:45:49

CSX REGISTRODm7NZFYAX7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 59181(10/PNC-004712)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego da negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das matronas de atención primaria, así como respecto da dotación das súas consultas co material actualizado necesario

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 13:16:56
Nº Rexistro: 59181
Data envío: 21/11/2019 13:16:56.634

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1993 publicouse o Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria en Galiza, no que se regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria. Deste decreto quedaron excluídas as matronas, establecendo na disposición transitoria cuarta do mesmo que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

26 anos despois, por parte da Xunta non se ten acometido esta regulación, o que significa para este colectivo un sistema retributivo baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, unha perda de máis de 100 euros mensuais, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ter unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas.

Ao relatado temos que engadir que as necesidades de material das consultas de matronas quedaron fóra dos plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 13:16:56
Nº Rexistro: 59181
Data envío: 21/11/2019 13:16:56.634

e polo tanto o que teñen é un material obsoleto que que dificulta a atención que teñen que prestar.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

1.- Iniciar de inmediato a negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria.

2.- Dotar as consultas de matronas do material actualizado preciso para prestar unha atención digna.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 13:16:56
Nº Registro: 59181
Data envío: 21/11/2019 13:16:56.634

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 13:13:53

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 13:14:02

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 13:14:08

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 13:14:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 13:14:23

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 13:14:31

CSV REGISTRO YFqCghN2
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 12.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 59236(10/PNC-004724)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 8 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación cos seus programas de inclusión
social dos colectivos máis vulnerables

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Presidente da Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configuren as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarifica, transparente e publica as necesidades prioritarias da Comunidade para o próximo Goberno central.

Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

En relación á mellora dos servizos públicos, a Axenda inclúe unha serie de ingresos procedentes do Goberno de España para a prestación de servizos sociais que se considera prioritario recibir nos próximos meses.

A recuperación das axudas para a atención e a acollida de Menores Estranxeiros Non Acompañados (Menas). Estes fondos, regulados no Real Decreto 1340/2018, do 29 de outubro, deberían contribuír en maior medida a que Galicia atenda a afluencia destes



menores, que experimentou un incremento exponencial nos últimos anos. Non en van, en 2016 Galicia rexistraba 57 menores estranxeiros non acompañados e agora un total de 193. Pola contra, se o pasado ano Galicia dispuxo de 423.000 euros para esta materia, no presente exercicio recibiu cero euros.

Por outra banda, a conxelación das contías que o Goberno central destina ao Plan Concertado e ao Plan de desenvolvemento xitano son insuficientes para poder atender a demanda actual de servizos sociais e as necesidades da poboación máis vulnerable, polo que cómpre proceder ao seu incremento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado o reforzo dos seus programas para a inclusión social dos colectivos máis vulnerables, en particular:

1. Recuperando as axudas para a atención e a acollida de menores estranxeiros non acompañados en Galicia.
2. Incrementando as contías destinadas ao Plan Concertado e ao Plan de desenvolvemento xitano para poder atender a demanda actual de servizos sociais”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 17:14:02
Nº Rexistro: 59236
Data envío: 21/11/2019 17:14:02.962**

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 17:07:39

Marta Rodriguez Arias na data 21/11/2019 17:07:50

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/11/2019 17:08:04

María Ángeles García Míguez na data 21/11/2019 17:08:18

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/11/2019 17:08:27

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 21/11/2019 17:08:40

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/11/2019 17:08:47

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 17:09:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2019 17:09:15

María Soraya Salorio Porral na data 21/11/2019 17:09:30



CSV REXISTROZnub6FMJL5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com